



Galicia

GALICIA

LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU

ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 885 Semana do 20 ó 26 de decembro de 2021

É NECESARIO EXTREMAR AS MEDIDAS PREVENTIVAS NOS CENTROS DE TRABALLO PARA EVITAR BROTES

UGT reclama teletraballo, EPIs, restablecer a distancia de seguridade de 1,5 metros nos centros de traballo e vixilancia da Inspección ante o aumento da incidencia da Covid

Redacción.- Ante o aumento xeneralizado dos índices de incidencia da Covid-19 en todo o territorio nacional debido á variante Ómicron, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores insiste en que é necesario continuar coas medidas preventivas nos centros de traballo para evitar brotes. Cuestións como a limpeza diaria dos lugares de traballo - sobre todo en zonas de alto contacto como varandas, pomos de portas, botóns de ascensores, etc.-, o mantemento dunha correcta ventilación, aforos nas salas de reunións e zonas comúns, así como o mantemento da distancia de seguridade entre persoas.

O sindicato lembra ademais que o uso de máscaras en lugares pechados segue sendo obrigatorio e que as persoas traballadoras deben utilizar aquelas que sexan adecuadas ao risco de exposición. Tamén é importante que non se exceda o tempo de uso da máscara, posto que as máscaras cirúrxicas poden utilizarse durante 4 horas, tras as que deben ser substituídas por outras.

UGT subliña que entre as medidas or-

ganizativas para evitar contaxios atópase o teletraballo, que durante os meses iniciais da pandemia resultou moi eficaz para evitar brotes nos centros de traballo e afirma que, en caso de recorrer ao teletraballo, as empresas deben ter en conta os riscos psicosociais e ergonómicos aos que están expostas as persoas traballadoras e respectar a Lei de traballo a distancia e o dereito á desconexión dixital.

A saúde sempre é a prioridade e, tendo en conta que aínda coas pautas da vacina é posible contaxiarse, é fundamental manter as medidas de prevención establecidas ao longo da pandemia. Os empresarios e as administracións están obrigados a proporcionar os EPIs e instrumentos de protección necesarios para salvaguardar a seguridade e saúde de traballadores e traballadoras, e os gobernos e a Inspección de Traballo están obrigados a velar polo cumprimento desas medidas.

Demostrouse que todo este conxunto de medidas resulta de utilidade para evitar



contaxios nos centros de traballo e, neste sentido, o sindicato reclama que se volva a incluír o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros nos centros de traballo no Procedemento de Actuación dos Servizos de Prevención, do Ministerio de Sanidade, xa que, na súa 17ª edición, datada ao 18 de novembro de 2021, foi eliminado do conxunto de medidas de carácter organizativo e de protección colectiva, algo co que UGT non está de acordo debido a que a eliminación desta medida pode poñer en perigo a saúde das persoas traballadoras.

O sector da conserva mobilízase en Vilagarcía por un convenio xusto

Redacción.- Vilagarcía acolleu o pasado sábado unha gran manifestación dos traballadores e traballadoras do sector da conserva, convocados por UGT FICA, xunto con outros sindicatos, para demandar un convenio xusto. Sorprendentemente, as propostas empresariais para chegar a un pacto volveron ó punto de saída, retrotraendo as negociacións ao principio das mesmas.

Renuncian á xornada de luns a venres pero propoñen a creación dunha 4ª quenda de fins de semana e festivos para novas contratacións ambigua, sen regulación concreta e sen compensación económica.

Non melloran a súa oferta de equiparación salarial entre os grupos 5º e 6º do convenio e manteñen a súa pretensión de aclarar as funcións de ambos os grupos para, na nosa opi-

nión, xustificar a diferenza salarial entre ambos. Pretenden modificar parte do texto dalgúns artigos do convenio colectivo en prexuízo das persoas traballadoras e en beneficio da flexibilidade da xornada laboral.

Se na última reunión ofrecían incrementos salariais iguais ao 1,50%, 1,75%, 1,50%, 1,25% e 1,00%, sen revisión salarial nun convenio con vixencia de 5 anos, hoxe ofrecen un convenio de 4 anos de vixencia cun incremento salarial fixo cada ano de duración do convenio sen concretar cal e cunha cláusula de revisión salarial sen efecto e sen garantías de non perda de poder adquisitivo.

É dicir, todos os avances conseguidos en anteriores reunións desapare-



ron. Por iso, non queda máis remedio que alzar todas as armas sindicais para cambiar o paso a unha representación empresarial que nos últimos momentos da negociación rebenta calquera posibilidade de acordo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE PESCANOVA MOBILÍZANSE DE NOVO EN VIGO PARA RECLAMAR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Este luns traballadores e traballadoras de Pescanova concentráronse de novo fronte á sede de Abanca, principal accionista do grupo, en Vigo para reclamar un convenio digno.

Tras meses de negociacións infructuosas para pechar o convenio colectivo e, ante a cerrazón da empresa, os traballadores e traballadoras de Pescanova decidiron abrir un calendario de mobilizacións.

Rubén Perez (UGT-FICA-Vigo) explicou que a empresa fai unha oferta económica irrisoria dun 0,5% para o



2021. Para o 2022, a suba sería do 0,75%, do 1% para o 2023 e do 1,25% para o 2024. Uns incrementos que se traducirían no 3% os vindeiros catro anos e que distan moito da alza que

experimentou o IPC en novembro.

Ademais, os representantes sindicais denuncian que a dirección pretende fixar unha xornada flexible.

OS TRABALLADORES E AS TRABALLADORAS DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE NOVO NA RÚA PARA RECLAMAR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Tras dous anos de negociacións infructuosas coa patronal da sanidade privada da provincia de Pontevedra, os sindicatos con representación no sector, UGT, CCOO, CIG e CSIF, decidiron abrir un calendario de mobilizacións para demandar un convenio digno xa.

Dentro deste calendario, a semana pasada xa protagonizaron dúas mobilizacións e este mércores pola tarde concentráronse fronte á clínica Fátima de Vigo. Os puntos que están a bloquear as negociacións e nos que a patronal se amosa totalmente intransixente son a xornada laboral, suba salarial e permisos retribuídos.

No relativo á xornada, explican dende UGT Servizos Públicos que a actual é de

1.770 horas anuais e pídesse unha rebaixa de 14, algo que a patronal rexeita frontalmente.

A suba salarial que os sindicatos poñen enriba da mesa, co fin de que os traballadores e traballadoras do sector melloren as súas condicións laborais, xa que hai que ter en conta que xa teñen unhas condicións de mínimos, son dun 1,25% para o 2020, 1,5 para o 2021 e outro 1,5% para o 2022, así como a actualización das táboas salariais.

Proposta que a patronal tamén rexeita frontalmente. Por último, os días de permiso retribuído, que actualmente



son tres, pídesse un máis e, de novo, os empresarios néganse, só estarían dispostos a un máis pero recuperable, algo que os sindicatos non aceptan. Dende UGT Servizos Públicos manifestan que, de continuar a patronal nesta liña intransixente, as mobilizacións tamén se manterán.

CENTOS DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE RENFE E ADIF MOBILÍZANSE EN OURENSE EN DEFENSA DO FERROCARRIL E DO EMPREGO PÚBLICO

Redacción.- Centos de traballadores e traballadoras de Renfe e Adif, en representación dos comités das catro provincias, concentráronse este martes, coincidindo coa chegada da primeira viaxe comercial do tren de alta velocidade de Madrid a Ourense, fronte á estación da cidade das Burgues en defensa do ferrocarril e do emprego público.

Demandaron que, ademais da alta velocidade, aténdanse o resto das liñas que vertebran o territorio galego e que se re-

cuperen liñas en desuso, como a que conecta o norte de España. Para isto, tamén son necesarios máis recursos humanos, apostando polo emprego público e non polas privatizacións, e maiores investimentos en mantemento. Os catro comités coinciden en que agora tanto Renfe como Adif teñen a pelota no seu te-



lado e, se non moven ficha, non descartan ir a paros ou, incluso, á folga.

FOLGA EN CORREOS OS DÍAS 5, 7 E 12 DE XANEIRO

Contra o desmantelamento dos servizos de reparto, a precarización e os recortes de recursos humanos

Redacción.- UGT e CCOO convocan folga xeral en Correos os días 5 e 7 de xaneiro e paros parciais o día 12 co fin de denunciar o novo modelo que está a impoñer a dirección que leva consigo unha diminución de espazos e persoas das unidades de reparto destinadas ó servizo postal público para deixar paso, como xa se está a facer en oficinas e centros de tratamento, á paquetería comercial da filial Correos Express, que pretenden que sexa atendida por traballadores subcontratados e en situación precaria, como xa se fixo en plena pandemia.

A desaparición das seccións de reparto e os distritos como modelo de distribución é todo un alarde de afastamento da función social e pública de Correos e un indicio claro de que se camiña cara un modelo "rider" na distribución.

Os carteiros cubrirán agora maiores distancias ó ter que asumir varias seccións do chamado "sector", ademais o farán cun recorte dos cadros de persoal, en dous anos perdéronse 7.000 empregos, polo tanto, con moita máis carga de traballo, ademais de moitas máis polivalencias, mobilidade funcional e responsabilidade.

Este desmantelamento forma parte dun plan xeral que está a aplicar o presidente da compañía. Un plan que xa foi rexeitado polo 75% da representación sindical o pasado día 16, o que fai que careza de lexitimidade democrática para ser aplicado na maior empresa pública do país.

Dende UGT Servizos Públicos indican



que este é só o comezo dunha agresión que a empresa quere culminar o vindeiro 15 de xaneiro co cambio total do servizo de reparto e distribución, o que non pode quedar sen unha resposta mobilizadora. Por isto, UGT e CCOO convocan as dúas xornadas de folga e os paros parciais.

É PRECISO MANTER OS ESTÍMULOS PARA AFIANZAR A RECUPERACIÓN

Redacción.- Os datos da Contabilidade Nacional do terceiro trimestre do ano, publicados no día de hoxe polo INE, mostran unha actividade económica que foi crecendo durante os meses de verán, froito da retardación da pandemia e as medidas expansivas impulsadas polo Goberno e os axentes sociais. Con todo, nun momento actual de gran incerteza debido á variante Ómicron do virus, UGT considera imprescindible manter os estímulo á economía, favorecendo o consumo e acometendo os investimentos económicos e sociais necesarios para transitar cara a un modelo de crecemento máis robusto, estable e integrador.

Neste sentido, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama máis ambición ao Goberno no aproveitamento dos fondos europeos, o que implica axilizar a concesión dos mesmos, aumentar o seu grao de execución e impulsar de maneira participativa os proxectos de gran calado que, atendendo aos grandes retos pendentes (transición dixital, ecolóxica, cohesión territorial, etc.), prioricen as actividades con maior valor engadido e xeradoras de emprego produtivo, estable e de calidade, facendo ademais chegar os seus recursos á inmensa maioría de empresas, e non só ás grandes multinacionais.

Ademais, o sindicato considera que Europa non pode repetir os graves erros da etapa 2010-2013 e debe manter tamén os estímulo expansivos o tempo que sexa necesario, unha estratexia que ata o de

agora se demostrou imprescindible á hora de ofrecer unha saída rápida e coordinada, e co menor custo social posible, á crise orixinada pola pandemia.

Mellores empregos e salarios

Para UGT, é imprescindible tamén, dada a persistente incerteza no contexto económico internacional (aparición de novas variantes do virus e recuperación de restricións, incremento dos prezos enerxéticos, colapso nas cadeas globais de subministracións, etc.), implementar políticas que activen e fortalezan o consumo dos fogares, actuando en dúas direccións: impulsando o emprego seguro, estable e de calidade, cun novo marco que reequilibre a negociación colectiva e elimine a excesiva temporalidade e parcialidade involuntaria no emprego; e incrementando os salarios, para que as persoas traballadoras obteñan ganancias de poder adquisitivo, de acordo coa nova fase expansiva na que nos situamos.

Uns incrementos salariais que son fundamentais para aqueles e aquelas con menos recursos, o cal non só traducirase nunha diminución da desigualdade, senón que actuará como reforzo directo da capa-



cidade de consumo. Por iso, desde o sindicato reclamamos que o SMI debe situarse en 1.000 euros en xaneiro de 2022, mentres que o Salario Mínimo de Convenio debe crecer tamén o próximo ano ata os 1.100 euros.

Datos de interese

Os datos definitivos da Contabilidade Nacional Trimestral publicados hoxe polo INE mostran unha variación do PIB no terceiro trimestre do ano do 2,6% respecto do segundo, no cal creceu un 1,2%. A taxa interanual sitúase no 3,4%, retardándose con respecto á obtida no segundo trimestre, cando se incrementou un 17,7% ao compararse co segundo trimestre de 2020, cando a economía atopábase paralizada polas restricións sanitarias. Estes resultados melloran os anticipados no avance de datos que o INE publicou o pasado 29 de outubro, con datos parciais, só ata o mes agosto, cando se estimaba unha taxa anual do 2,7%.

ESPAÑA GASTA MENOS DUN TERZO DA MEDIA EUROPEA EN INCLUSIÓN SOCIAL

Redacción.- Con motivo do Día Internacional do Migrante, UGT publicou un informe baseado en datos da súa campaña #TrabajoLibreDeBulos, no marco do proxecto "Por un traballo digno", para lembrar as consecuencias da COVID-19, os cambios nos fluxos migratorios ou o Brexit na poboación en xeral e en particular na poboación migrante.

O sindicato subliña que, a pesar das restricións e peches de fronteiras do pasado ano, o saldo migratorio positivo permitiu compensar un crecemento vexetativo negativo máis acusado como consecuencia do te-

rrible incremento das defuncións e o descenso dos nacementos. De feito, o documento sinala que a poboación de nacionalidade española nada en España está en descenso desde 2011.

Unha das conclusións do informe destaca que o 11'42% da poboación española ten nacionalidade estranxeira e que, se engadimos á poboación de nacionalidade española nada no estranxeiro, como mínimo, o 16'5% da poboación ten a súa orixe nun movemento migratorio.

Outra das conclusións resalta que

o 14'5% das persoas ocupadas e o 13'5% das afiliadas á Seguridade Social teñen nacionalidade estranxeira e que o 72'5% dos fogares estranxeiros teñen como principal fonte de ingreso o traballo por conta propia ou allea.

O sindicato advirte de que, con independencia da nacionalidade, España foi o cuarto Estado da Unión Europea coa taxa máis alta de risco de pobreza e exclusión social no ano 2020, e que o gasto en inclusión social do noso país no ano 2019 foi de 61'8 euros por habitante, moi por baixo da media europea de 195 euros.

UGT RECLAMA MEDIDAS MÁIS EFICACES CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA

Redacción.- Con motivo do 21 de decembro, día no que comezou a estación do inverno, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considera imprescindible adoptar medidas de maior impacto que combatan e erradiquen a pobreza enerxética, co fin de non condenar ás persoas deste país á máis completa falta de subministración vital. Coa chegada do inverno, a baixada das temperaturas aumentará o consumo de enerxía eléctrica e gas natural, momentos críticos nos que habitualmente se nos mostra con toda a súa crueza as numerosas situacións de pobreza enerxética e as súas consecuencias.

Para UGT, o aumento do consumo, unido aos continuos incrementos do prezo medio da electricidade, farán que moitas persoas non poidan manter as súas vivendas a unha temperatura adecuada, ou non poidan pagar as súas facturas enerxéticas. Segundo datos publicados en novembro por Eurostat, España era en 2020 o sexto país europeo con máis fogares con problemas para manter o seu fogar quente, por diante de Bulgaria, Lituania, Chipre, Portugal e Grecia; e o 9,6% dos fogares sufrían atrasos no pago das súas facturas.

Decembro está a ser tamén un mes marcado por unha gran volatilidade, o prezo do megawatt hora (MWh), segundo os datos publicados polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE), alcanzou este martes os 327 euros o MWh de media en España, con picos de ata os 370 euros. Unhas

subidas que están a ter a súa repercusión no Índice de Prezos de Consumo (IPC) que alcanzou no mes de novembro unha taxa intermensual do 0,3% e unha taxa interanual do 5,5%, o seu nivel máis

alto en 29 anos, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

Medidas de calado

Por iso, o sindicato reclama acometer xa unha reforma da política fiscal enerxética definitiva, xa que o próximo 31 de decembro finalizan as medidas temporais de redución do IVE e do Imposto sobre a Enerxía Eléctrica (IEE), así como da suspensión do Imposto sobre o Valor de Produción da Enerxía Eléctrica (IVPEE).

Agora, máis que nunca, o Goberno debe cumprir cos compromisos plasmados na Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética (ENPE) 2019-2024, na que se establecía un sistema robusto de seguimento dos catro indicadores (gasto desproporcionado de enerxía nos fogares, pobreza enerxética



escondida (que implica un gasto enerxético absoluto inferior á metade da mediana nacional), porcentaxe de fogares que sofren atrasos no pago das facturas e os que non poden manter a súa vivenda a unha temperatura adecuada), mediante a elaboración dun informe anual antes do 15 de outubro de cada ano. Por tanto, acumúlanse dous meses de atraso na actualización dos indicadores de 2020, un ano crítico marcado pola crise enerxética global, e cuxo análise resulta imprescindible para adoptar as medidas oportunas.

Ademais, a tramitación do bono social eléctrico e térmico ten un confuso trámite burocrático, que fai que moitos fogares non o gocen a pesar de ter dereito a el, polo que UGT considera imprescindible a automatización dun novo bono social enerxético que contempla a propia Estratexia contra a Pobreza Enerxética.

É PRIORITARIO INVESTIR EN RECUALIFICACIÓN LABORAL, COMPETENCIAS DIXITAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS

Redacción.- UGT destaca que a publicación do Network Readiness Index 2021, considerado como o indicador de desempeño dixital máis completo do mundo – que analiza as capacidades TIC de 130 economías- volve poñer de manifesto o gran camiño que queda a España para considerarse unha economía moderna e dixitalizada.

O sindicato subliña que, a pesar de que se mellora en dúas posicións con respecto á anterior edición (vixésimo terceiro posto neste 2021), segue sendo patente a falta de compromiso empresarial coas novas tecnoloxías, o tamaño excesivamente grande da fenda dixital e a pouca importancia do emprego tecnolóxico no noso tecido produtivo.

Así, en investimento en novas tecnoloxías, España ocupa o posto 56, por detrás de economías como Ruanda, Paquistán ou Cambodia. Outro tanto podemos dicir do referido ao emprego TIC (técnicos e profesionais asociados), no que o noso país ocupa o posto 45, con menos medios humanos dedicados á tecnoloxía que países como Trinidad e Tobago, Perú ou Macedonia de Norte. Ambas secuelas xa foron denunciadas por UGT en diversas ocasións,

a última, con ocasión da publicación do estudo Dixitalización da empresa española, onde se constataba o lamentable atraso do tecido empresarial español á hora de adoptar as novas tecnoloxías e fomentar o emprego tecnolóxico.

No apartado da desigualdade tecnolóxica, a denominada Fenda dixital pola falta de competencias dixitais, España sitúase no posto 48 en termos de acceso en liña a banca electrónica (o que redunda nunha dobre desigualdade: dixital e financeira). Estados como Zambia ou Irán presentan mellores cifras que España. En canto á fenda dixital de xénero relacionada co uso da internet, no posto de 26 (Bahréin ou Costa Rica demostran mellor desempeño). E en participación social na gobernanza dixital, o posto 36 (superados por Colombia ou Albania).

Todo iso coroado por unha economía, tal e como demostra o citado estudo, cunha gravísima desigualdade dos ingresos (posto 48), onde a melloría do PIB non se



reflicte nos salarios (105º, o peor posto de España en todos os indicadores analizados) ou onde a promoción governamental en investimento tecnolóxico é máis que deficitaria (62º).

Ante a contundencia destes datos, as empresas españolas teñen a obriga ción económica, social e laboral de reaccionar de inmediato, superando a súa habitual apatía tecnolóxica, digna doutro tempo e época. Toca investir en recualificación laboral, en competencias dixitais e en novas tecnoloxías, en compañía de administracións públicas e lexisladores, que non poden continuar mirando cara a outro lado porque o futuro competitivo do noso país depende diso.

A RECUPERACIÓN PASA POR MÁIS EMPREGO DE CALIDADE E MELLORES SALARIOS

Redacción.- Para UGT, os datos da Enquisa Trimestral de Costes Salariais mostran a necesidade de seguir apostando pola creación de emprego de calidade como principal pilar da recuperación da economía española. Emprego de calidade baseado en condicións laborais e salariais dignas que non só permitan cubrir as necesidades materiais básicas da poboación traballadora, senón que tamén lles possibilite vivir sen medo e incerteza, gozando dunha vida satisfactoria e que incentiven o desenvolvemento de negocios produtivos e rendibles en base ao seu potencial xerador de riqueza, en lugar de basearse no dumping laboral e social.

Para iso, é imprescindible que a evolución dos salarios se axuste de maneira fiel á economía real. Máis agora que o continuo incremento do nivel xeral de prezos está a provocar que as subidas salariais pactadas en 2021 estean a traducirse nunha perda do poder real de compra dos fogares: a inflación media sitúase ata novembro no 2,8%, mentres que a subida dos salarios de convenio foi do 1,49% ata ese mesmo mes, e a do SMI do 1,6% só para os últimos catro meses (un 0,6% para o conxunto do ano). Ante esta si-

tuación, a recuperación do poder adquisitivo dos fogares debe alzarse, sen dúbida, como un obxectivo prioritario das políticas económicas do próximo ano.

Igualmente, é necesario que se derroge dunha vez por todas a reforma laboral de 2012, que estableceu as condicións idóneas para facer da desvalorización salarial a punta de lanza da recuperación económica da Gran Recesión iniciada en 2008. Reequilibrar a negociación colectiva é, sen dúbida, a mellor maneira de asegurar que a saída da actual crise non se volve a producir á conta das condicións de vida das persoas traballadoras. Se queremos que esta se realice de maneira efectiva e sen deixar a ninguén atrás, non podemos volver repetir os erros do pasado e estrangular o principal impulsor do crecemento da economía española, isto é, o consumo dos fogares, que vén moi determinado pola cantidade e a calidade do emprego e polo nivel dos salarios.

O INE ven de publicar os datos da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) para o terceiro trimestre do ano, mostrando unha evolución positiva dos salarios acorde á

recuperación económica e a consecuente mellora do emprego, típica tamén da tempada de verán.

Aumenta, por tanto, o custo laboral total por traballador e mes un 4,9%, e o custo salarial total un 5% con respecto ao terceiro trimestre do ano anterior, cando aínda persistían os efectos máis nocivos da pandemia sobre o ámbito laboral. Por este motivo, o aumento anual é menor ao rexistrado para o trimestre anterior (14,4% no caso do custo salarial), debido ao incremento extraordinariamente alto que se deu ao compararse co segundo trimestre de 2020, o que rexistrou o maior afundimento da serie. Por outra banda, eliminando os efectos estacionais e de calendario, a variación anual do custo laboral por traballador sitúase no 4,9%, do mesmo xeito que a do estritamente salarial (4,9%). Por último, o aumento do emprego e o descenso do número de persoas en ERTE con respecto ao ano anterior propician un aumento das horas efectivas de traballo por encima do incremento dos custos laborais, o que fai que os custos laborais e salariais por hora traballada diminúan un 0,3% e unha 0,2%, fronte ao terceiro trimestre de 2020.